

RENDICIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2024.

Formada a Conta Xeral correspondente ó exercicio de 2024 por parte da Intervención, a Presidencia, conforme dispón o artigo 212 do RDL. 2/2004, de 5 de marzo, rende a conta de referencia, que, xunto coas contas xerais da propia Deputación e demais organismos dela dependentes, unha vez as informe a Comisión Especial de Contas e expostas ó público e, de ser necesario, co informe definitivo e as alegacións, someteranse ó Pleno para a súa aprobación.

1. Réxime xurídico aplicable á Conta xeral.

- Artigos 208 a 212 do RDL. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- Artigos 89 a 105 do RD. 500/90, de 20 de abril.
- Regras 44 a 51 da Instrución de Contabilidade aprobada por Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro.

2. Contido da Conta Xeral de 2024.

2.1. Contas anuais.

2.1.1. Balance.

ACTIVO	
A) Activo non corrente	791.146.416,09
I. Inmobilizado intanxible	1.628.364,64
II. Inmobilizado material	786.401.985,71
III. Inversións inmobiliarias	275.100,00
VI. Inversións financeiras a longo prazo	2.614.138,99
VII. Debedores e outras contas a cobrar a longo prazo	226.826,75
B) Activo corrente	372.101.947,08
III. Debedores e outras contas a cobrar a curto prazo	75.410.244,12
V. Inversións financeiras a curto prazo	322.016,62
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	296.369.686,34
TOTAL ACTIVO (A+B)	1.163.248.363,17
PASIVO	
A) Patrimonio neto	1.052.423.778,20
I. Patrimonio	924.424.061,73
II. Patrimonio xerado	113.634.136,96
III. Axustes por cambios de valor	1.446.109,75
IV. Subvencións recibidas pendentes de imputación a resultados	12.919.469,76
B) Pasivo non corrente	30.784.595,89
II. Débedas a longo prazo	30.784.595,89
C) Pasivo corrente	80.039.989,08
II. Débedas a curto prazo	5.817.168,12
IV. Acredores e outras contas a pagar a curto prazo	74.222.820,96
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C)	1.163.248.363,17



2.1.2. Conta de Resultados Económico – Patrimonial.

Que informa sobre as variacións do Patrimonio da Deputación, o seu detalle figura no expediente.

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	
1. Ingresos tributarios e urbanísticos	48.507.962,28
2. Transferencias e subvencións recibidas	207.960.306,01
3. Vendas e prestacións de servizos	1.400.486,58
4. Var. de exist. de produtos rematados e en curso de fabricación e det. de valor	-3.148.024,41
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	617.151,18
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+6+7)	255.337.881,64
8. Gastos de persoal	-47.784.132,20
9. Transferencias e subvencións concedidas	-107.983.166,83
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-32.918.832,29
12. Amortización do inmovilizado	-8.070.947,62
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+11+12)	-196.757.078,94
I. Resultado (aforro o desaforro) da xestión ordinaria (A+B)	58.580.802,70
13. Deterioro valor e rdos. por enaxenación I. non financeiro e activos en estado de venda	2.284,79
14. Outras partidas non ordinarias	541.179,82
II. Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)	59.124.267,31
15. Ingresos financeiros	8.707.929,09
16. Gastos financeiros	-79.275,35
19. Diferencias de cambio	-0,05
20. Deterioro do valor, baixas e enaxenacións de activos e pasivos financeiros	-299.539,21
III. Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)	8.329.114,48
IV. Resultado (aforro o desaforro) neto do exercicio (II+III)	67.453.381,79
+ Axustes na conta de resultados do exercicio anterior	
Resultado do exercicio anterior axustado (IV + Axustes)	67.453.381,79

2.1.3. Estado de Fluxos de Efectivo.

Que informa sobre o orixe e o destino dos movementos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes (O seu detalle figura no expediente).



2.1.4. Estado de Liquidación do Orzamento.

DESCRICIÓN	IMPORTE
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	283.948.324,47
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	212.542.899,42
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	71.405.425,05
AXUSTES	
Créditos gastados financiados con remanente de tes.	96.480.651,41
Desviacións de financiación negativas do exercicio	9.007.027,80
Desviacións de financiación positivas do exercicio	13.654.015,79
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	163.239.088,47

O seu detalle figura no expediente.

2.1.5. Memoria.

A súa finalidade é a de complementar, ampliar e explicar a información contida en os outros documentos que integran as contas anuais. Así inclúe información máis ampla e detallada como a organización da Deputación, as bases de presentación das contas anuais, normas de recoñecemento e valoración.

Se ben, a información é moito máis ampla, a continuación detállase parte da información máis relevante:

Débedas con Entidades Financeiras.

O detalle desta información encóntrase no expediente, a modo de resumo relaciónase por préstamo ou débeda os importes vivos ó final do exercicio e o seu ano de vencemento.

DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS	IMPORTE	VENCIMIENTO
202102491, PRESTAMO BBVA	16.616.415,00	31/12/2034
2021063828, PRESTAMO SABADELL	5.000.000,00	31/12/2034
	21.616.415,00	

Os Préstamos para investimentos concertados no ano 2021, son préstamos con apertura de crédito e con período de carencia e disposición de 3 anos. No ano 2024 fíxose efectiva a posta a disposición dos mesmos.

A carga financeira en termos relativos sitúase no 8,67%.

Débedas con Entidades Públicas por Liquidacións Negativas e Outros.

O seu detalle é como segue (saldo vivo ao final do exercicio):



DÉBEDAS CON ENTIDADES PÚBLICAS	IMPORTE
REINTEGRO FONDO C.FINANCIACION, 2008	2.196.777,90
REINTEGRO FONDO C.FINANCIACION, 2009	8.976.682,63
REINTEGRO FONDO C.FINANCIACION, 2020	0,00
REINTEGRO I.R.P.F., EJERCICIO 2009	267.452,01
REINTEGRO CESION I.V.A., EJERCICIO 2008	548.836,78
REINTEGRO CESION I.V.A., EJERCICIO 2009	1.228.376,60
	13.218.125,92

Das cales vencen a curto prazo, é dicir, antes do 31 de decembro de 2025, 4.049.945,03 € e a longo prazo 30.784.595,89€.

Operacións non orzamentarias de tesourería.

O detalle por conceptos é:

CONCEPTOS	IMPORTE
Debedores non orzamentarios	3.259.603,15
Acredores non orzamentarios	22.440.479,04
Partidas pendentes de aplicación. Ingresos	326.809,71
Partidas pendentes de aplicación. Gastos	1.068.038,31

Ejercicios pechados.

Gastos:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Obrigas pendentes de pagamento iniciais	1.334.257,04
Rectificacións	0,00
Obrigas pagadas	1.079.529,52
Obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio	254.727,52

Ingresos:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro iniciais	15.502.425,55
Rectificacións	0,00
Dereitos anulados	27.163,00
Dereitos cancelados	150.695,83
Recadación	14.897.477,15
Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio	427.089,57

(O detalle da execución figura no expediente).



Exercicios posteriores.

Pon de manifesto os compromisos de gasto adquiridos durante o exercicio ou en exercicios anteriores e que serán imputables a orzamentos de exercicios futuros. (O detalle figura no expediente).

Remanente de Tesourería.

Podémolo definir como unha magnitude que indica a liquidez da Deputación, e dicir, a capacidade para facer fronte ós pagos que se teñen que facer cos recursos dispoñibles. O seu detalle é:

DESCRICIÓN	IMPORTE
1. (+) Fondos líquidos	296.369.686,34
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	22.221.823,37
3. (-) Obrigas pendentes de pago	23.063.952,69
4. (+) Partidas pendentes de aplicación	741.085,20
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	296.268.642,22
II. Exceso de financiamento afectado	13.456.812,72
III. Saldos de dubidoso cobro	397.089,33
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	282.414.740,17

Estado de Tesourería.

O resumo de movementos de tesourería é:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Existencias iniciais	229.950.034,82
Cobros	932.462.843,77
Pagamentos	866.043.192,25
Existencias finais	296.369.686,34

Outra Información incluída na Memoria.

Organización.

Bases de presentación das contas.

Normas de recoñecemento e valoración.

Inmobilizado material.

Inversións inmobiliarias.

Inmobilizado intanxible.

Activos Financeiros.

Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.

Presentación por actividades da conta do resultado económico – patrimonial. Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos. Contratación administrativa. Procedementos



de adxudicación.

Valores recibidos en depósito.

Execución de proxectos de gasto

Gastos con financiamento afectado.

Indicadores.

Custos.

3. Período medio de pago.

A 31 de decembro de 2024, o período medio de pago situábase en 11,77 días, e dicir, que a Deputación paga ós seus provedores antes dos límites establecidos pola normativa.

4. Control Financeiro de Subvencións.

Tal y como se dispón no Plan de Control Financeiro de subvencións concedidas en 2022, aprobado pola Intervención Provincial, se inclúe o informe final destes traballos no que detállase as incidencias máis salientables así como as medidas postas en marcha, reintegros, sancións o outras circunstancias, e as propostas de mellora.

O informe resumo do control financeiro en materia de subvencións foi incluído no expediente cividas nº 2025006258.

5. Outra información.

Informe resumo do control interno (artigo 37 RD 424/2017)

Segundo o disposto no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno en entidades do sector Público Local, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do RD Lexislativo 2/2004.

O informe elaborado por esta Intervención en data se adxunta ao expediente cividas nº 2025006258. Dito informe foi remitido ao Pleno e a IGAE no curso do primeiro trimestre.

Con ocasión da rendición da Conta Xeral perante o Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, o órgano interventor remitirá anualmente todas as resolucións e acordos adoptados pola Presidencia da entidade e polo Pleno da Corporación contrarios ao reparos formulados así como un resumo das principais anomalías en materia de ingresos.

Con data 17/02/2025 elaborouse pola Intervención informe resumo de resolucións/acordos contrarios a reparos e principais anomalías en materia de ingresos. Dito informe incluíse como dación de conta na orde do día do Pleno



celebrado en data 28/02/2025 (expediente cividas nº 202500734 – 2025006258).

Así mesmo, elaboráronse pola Intervención informe anual de morosidade da cordo co artigo 12.2 Lei 25/2013 e Informe resumo anual dos resultados obtidos do control de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa. Ditos informes incluíuse no expediente de cividas nº 2025006258.

Toda a documentación, o expediente e os xustificantes poden examinarse nas oficinas de Intervención.

Por todo o exposto, propóñolle ó pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral, previos os trámites de informe da Comisión Especial de Contas, exposición ó público e, no seu caso, un novo informe da comisión de referencia.

Asinado dixitalmente na marxe na data que se indica.

